

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/21

CEIP DE BORMOIO-AGUALADA

O presente Programa redáctase atendendo ás Instrucións do 30 de xullo do 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021. Nelas cítase que o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o cal deberá ser presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

En consecuencia, e seguindo as directrices marcadas, o Equipo Directivo elabora o seguinte Plan que será enriquecido coas aportacións da Comunidade Educativa na primeira xuntanza de setembro marcado para o día 2, aínda que debemos deixar constancia que este Equipo Directivo carece da formación hixiénico-sanitaria axeitada para enfrontar con garantías este tema e que, a día de hoxe, carecemos dos recursos, da supervisión e da asesoría de persoal competente en materia sanitaria para dar unha resposta axeitada e segura ás necesidades do centro cara a súa apertura nas vindeiras datas.

Contido

Plan de Adaptación ao Protocolo.....	3
Información Xeral do Centro.....	3
Datos de Contacto	3
Profesorado	3
Xornada lectiva	4
Calendario Escolar.....	5
Novas normas de organización e funcionamento do centro.....	6
Uso de máscara.....	6
Novas normas de organización e funcionamento do centro	7
Entradas e Saídas	7
Recreo	8
Aseos.....	9
Outras disposicións.....	10
Reunións inicio de Curso	12
Primeiros Días do Inicio do Curso.....	12
Actuacións de prevención, hixiene e protección	13
Prevención.....	13
Hixiene.....	13
Protección.....	14
Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.....	14
Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.	15
Anexo Auto Enquisa Covid Diaria	17
Modelo Declaración Responsable Proxenitores.....	18
Actividades para traballar os aspectos emocionais e sociais	19
Anexos.....	21
.....	21

Plan de Adaptación ao Protocolo

“Plan de Adaptación á
Situación COVID19 no
Curso 2020-2021”



CEIP DE BORMOIO-AGUALADA
CORISTANCO, A CORUÑA

Publicado na
Web do Centro

Información Xeral do Centro

Datos de Contacto

Enderezo		C.P.
Campo da Feira S/N		15148
Localidade	Concello	Provincia
Agalada	Coristanco	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
881 880 546 -47	ceip.bormoio.agualada@edu.xunta.gal	
Páxina web:		
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdebormoioagualada/		

Profesorado

Cargos Directivos	
Dirección	Manuel González Iglesias
Secretaría	Sandra Rey Soto
Profesorado	
Aula Mixta Ed. Infantil	Olalla Formoso Sanmartin
Aula Mixta 1/2º EP	Miriam Blanco Queijeiro
3º EP	Raquel García Barreiro
4º EP	Laura López López
5º EP	Sandra Rey Soto

6º EP	José Luis García González
Língua Estranxeira	Manuel González Iglesias
Música	Ángel Manuel Diéguez Romero
Educación Física	María Marlene Torrón Rodríguez
Orientación	Sheila Rodríguez Trigo
Audición e Linguaxe	
Pedagogía Terapéutica	Ciro Salgado Rodríguez
Relixión	

Xornada lectiva

Setembro e Xuño		
Sesións	Horas	Duración
1ª	9:45-10:35	50 min
2ª	10:35- 11:25	50 min
3ª	11:25 – 12:15	50 min
RECREO	12.15 – 12:55	40 min
4ª	12:55 – 13:45	50 min
5ª	13.45 – 14.35	50 min
COMEDOR	14:35-16:00	85 min

Resto de Meses		
Sesións	Horas	Duración
1ª	10:15-11:10	55 min
2ª	11:10-12:05	55 min
RECREO	12:05-12:35	30 min
3ª	12.55-13:30	55 min
COMEDOR	13.30-15:15	105 min
4ª	15:15–16:10	55 min
5ª	16:10 – 17:00	50 min
TOTAL LECTIVO	5 HORAS	300 min

Calendario Escolar

Importante: o inicio do curso é graduado, ver táboa.

Falta un festivo local por confirmar para este curso. Haberá un pleno en setembro no Concello.

Calendario escolar 2020-2021

2020

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1		1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31			
														30													

2021

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31					26	27	28	29	30		

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
MAIO							XUÑO						
					1	2		1	2	3	4	5	6
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
31													

Mes	Día	
Setembro	1, 2, 3, 4	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2019/2020.
	10	Comezo das clases. Incorpóranse só 4º e 5º de educación infantil, 1/2/3º educación primaria e educación especial.
	11	Comezo das clases. Incorpóranse 6º de educación infantil e 4/5/6º educación primaria.

	16	Comezo das clases na ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.
Outubro	12	Día non lectivo. Día da Festa Nacional de España.
Novembro	11	Festivo Local
Decembro	7	Día non lectivo. Día do Ensino.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	23, 24, 25, 28, 29, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 4, 5, 6, 7	
Febreiro	15, 16, 17	Vacacións de Entroido.
Marzo	29, 30, 31	Vacacións de Semana Santa.
Abril	1, 2, 5	
Maio	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
Xuño	16, 17, 18, 21, 22	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria de 2º bacharelato.
	22	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. Nos seguintes apartados, reflectimos as máis salientables:

Uso de máscara

Área	Protección
Alumnado Ed. Infantil	Non obrigatoria nos menores de 6 anos
Grupos de convivencia estables (alumnado e titor/a) na aula	Máscara
Alumnado primaria fóra da súa aula	Máscara
Mestres/as especialistas e persoal non docente	Máscara
Titores/as fóra dos grupos estables de convivencia	Máscara
Persoal de cociña	Máscara e luvas
Persoal de limpeza	Máscara e luvas
Calquera outra persoa que visite o centro	Máscara

Novas normas de organización e funcionamento do centro

O alumnado de cada aula, xunto co titor/a formará un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA** (en diante, GEC). Cada unidade formará o seu núcleo de convivencia, a súa “casa” no centro educativo, podendo socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. **Cada grupo estable de convivencia deberá usar máscara obrigatoriamente e evitar relacionarse con outros GEC.**

Para evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a reorganizar entradas e saídas, recreos e comedor entre outros aspectos.

- Os GEC cos que contaremos este ano son:

Aula Mixta Ed. Infantil	14
Aula Mixta 1º e 2º de Ed. Primaria	9
3º Ed. Primaria	12
4º Ed. Primaria	11
5º Ed. Primaria	13
6º Ed. Primaria	13
Total Alumnado	72

Entradas e Saídas

- Entradas:**

15 minutos antes da hora de comezo do centro abranse as portas para o alumnado transportado. Establécese a porta principal para acceder ao centro. O alumnado transportado accederá directamente ao centro pola porta de entrada principal sen facer filas e sen facer grupos, hixienizarán as mans e dirixiranse ás súas respectivas aulas. Unha vez finalizada a descarga do alumnado transportado, que será gradual e por orde de chegada dos vehículos, accederá o alumnado a pé nas mesmas condicións.

O alumnado estará en todo momento vixiado polo profesorado de garda (mínimo 4 persoas) tanto na circulación como nas respectivas aulas. O alumnado entrará só ao Centro, a excepción de Educación Infantil, onde se permitirá o acompañamento dos menores ás aulas por un adulto con máscara.


- Saídas:**

Realizarase por GEC e por diferentes portas para evitar aglomeracións. Ningunha clase poderá coincidir ao mesmo tempo na porta de saída, tendo que producirse de forma coordinada. De forma progresiva e a medida que avance o curso, o alumnado de primaria con irmáns en Ed. Infantil, poderá recollelos no momento da saída para acceder e ir xuntos ao bus. O restante alumnado transportado de Ed. Infantil será recollido por cada monitor/a de bus na porta principal e sempre antes da saída do alumnado de primaria.

Así, o alumnado non transportado sairá pola porta traseira e agardará no patio cuberto facendo unha fila e mantendo as distancias de seguridade ca máscara. Estarán vixiados por un profesor de garda e terán que esperar a que saian os buses do transporte antes de saír do centro. Os mestre/a de garda comprobará, sobre todo ao inicio do curso, que a entrega do alumnado se realiza ás persoas autorizadas nos documentos de centro. Prégase comprensión, sobre todo no caso do


profesorado novo. É pola seguridade de todos.

Os proxenitores e o alumnado a pé sairán unha vez finalice a saída do alumnado transportado, tendo que agardar no patio exterior evitando aglomeracións, cas medidas sanitarias vixentes e mantendo a distancia de seguridade.




Recreo

O horario do recreo non se modifica, pero establécese unha nova distribución do espazo para evitar o contacto dos diferentes GEC e calquera aglomeración. Crearase unha distribución rotatoria das zonas segundo as condicións meteorolóxicas. Habrá 4 mestres de garda vixiando o cumprimento do protocolo e supervisando as diferentes zonas.

	Tempo Meteorolóxico Favorable	Tempo Meteorolóxico Desfavorable
Ed. Infantil	Patio de Xogo Exterior	Ximnasio

	Rotación Diaria	Rotación Semanal
Ed. Primaria	Zona 1: Patio Cuberto Zona 2: Pista Fútbol + Area Verde Zona 3: Pista Central Zona 4: Pista Volleyball Zona 5: Pista Baloncesto	Zona 1: Patio Cuberto Zona 2: Antiga Biblioteca Zona 3: Biblioteca Zona 4: Aula Creatividade (anexo Biblio) Zona 5: Ludoteca



Aseos

O alumnado empregará os aseos asignados á súa aula:

- Servizos aula infantil planta baixa: **só alumnado de Ed. Infantil.**
- Servizos aulas Primaria (1º andar): **1/2º, 3º e 4º EP (+1 alumno con NEAE)**
- Servizos ximnasio, planta baixa: **5º e 6º EP.**

De forma xeral, só poderá saír 1 alumno por GEC ao servizo de forma que só coincidan no servizo máximo 3 persoas, sempre coas máscaras e con todas as medidas de seguridade.

En períodos de frecuente aglomeración (ao volver do recreo ou antes e despois do comedor) será posible que un mesmo GEC, na súa totalidade e de unha vez, faga uso do aseo asignado por motivos de axilidade e seguridade. Será o profesorado ou persoal de garda nese intre o encargado de coordinar os accesos e os permisos por unidades para que se produza con seguridade.

Para o profesorado, dividiranse os aseos da seguinte forma:

- **Planta baixa:** Dirección, Secretaría, Ed. Infantil, Orientación, Mantemento, EF.
- **Aulas primaria:** Titores 1/2, 3, 4 e 6º EP
- **3º planta:** Relixión, AL, PT, Música.

Outras disposicións

SECRETARÍA

Nos meses de Outubro a Maio o Horario de Secretaría será de luns a venres de 10.15 a 11.10 e en Setembro e Xuño de 9.45 a 10.40.

Rogamos que preferentemente se utilicen vías telemáticas para a realización de procesos administrativos para limitar os contactos presenciais e reducir a manipulación de documentos. Pódese empregar o correo electrónico, o teléfono do centro, Abalarmóbil e a web do colexio para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

Prégase que todas as familias descarguen a app **AbalarMobil** e periodicamente consulten a páxina web do centro pois é onde se publicará calquera tipo de información de interese.

Cando, por motivos xustificadas, sexa necesario recoller/entregar un neno/a en horario escolar, é deber dos proxenitores informar previamente ao profesorado titor por correo electrónico, teléfono ou Abalarmóbil. Os proxenitores agardarán no portal exterior a que alumno/a entre/saia polo seu propio pé, ca supervisión e acompañamento do profesorado de garda, evitando entrar no recinto.

ACCESO AO CENTRO

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas, relacionadas con procesos administrativos ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo (exceptuando aos proxenitores do alumnado de Ed. Infantil). En todo caso, deberanse seguir en todo momento as indicacións do persoal do Centro e dos protocolos existentes.

Os proxenitores do alumnado poderán acceder ao patio exterior a recoller aos fillos/as **ao final da xornada**, nas condicións establecidas no protocolo e sempre dando prioridade ao alumnado transportado. Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas e só virá un acompañante por cada alumno/a.

A puntualidade será fundamental, polo que debe evitarse chegar demasiado cedo. En calquera caso, extremaranse as medidas sanitarias de seguridade e distancia social.

TRANSPORTE/ALUMNADO A PÉ

Informamos que **a zona que está arredor do colexio e que normalmente é usada polo transporte escolar debe deixarse para o uso exclusivo dos autobuses**, especialmente o espazo do portal de entrada deberá estar baleiro, facilitando así que a baixada e subida aos mesmos sexa sempre con seguridade.

Pedimos a colaboración das familias do alumnado a pé no relativo á **puntualidade** e lémbrese que, de non asistir os nenos/as pola mañá á clase, a hora de entrada pola tarde no recinto escolar é a partir das 15:10 h.

COMEDOR

No actual curso escolar haberá dúas quendas de comedor e cada alumno/a comerá na mesa correspondente ao seu GEC. Os sitios serán fixos todo o ano, polo que non se poderán establecer cambios rotatorios.

Con respecto ao comedor recordámoslles que, salvo presentación de certificado médico, todo o alumnado comerá o menú proposto para ese día. Dito menú será publicado na web do centro cada mes, ca fin de poder equilibrar os alimentos aportados aquí cos da casa.

O alumnado que non faga uso do comedor sairá polo seu propio pé ca supervisión e acompañamento do profesorado/persoal de garda. Os proxenitores agardarán no portal exterior (exceptuando aquí aos proxenitores de Ed. Infantil).

TITORÍAS

O centro seguirá realizando titorías e reunións cas familias e mantendo unha comunicación fluída entre todos os membros da comunidade escolar. As titorías levaranse a cabo os xoves de 13.30 a 14.30h, como de costume, e con cita previa. Con todo, as reunións realizaranse preferentemente utilizando vías telemáticas, preferentemente as que oferte a Consellería para este curso 2020/21: videoconferencia, chamadas de teléfono, correo electrónico e o espazo Abalar.

As titorías solicitaranse preferentemente por Abalar Móbil, e se non fose posible, da forma habitual vía telefónica ou por correo electrónico, evitando a utilización de papel.

En caso de utilizar a videoconferencia, o titor enviará a invitación á sala virtual vía correo electrónico con anterioridade á reunión, preferentemente un día antes.

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas como relacionadas con procesos administrativos ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. En todo caso, deberanse seguir en todo momento as indicacións do persoal do Centro e dos protocolos existentes. O uso de máscara, a hixiene de mans e a distancia de seguridade serán obrigatorias.

ORIENTACIÓN

Mesmo procedemento que no caso das titorías, priorizando a comunicación por correo electrónico, teléfono ou vídeo chamada.

Só se atenderá de forma presencial en casos excepcionais e sempre con cita previa.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este ano, a ANPA **non** realizará actividades complementarias e extraescolares.

CELEBRACIÓNS

Debido á organización en GEC, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora da situación epidemiolóxica (e

notificada a inspección educativa) non se celebrará o Festival de Nadal ou actos de gran afluencia como o Samaín, Magosto ou o Entroido como se adoitaba.

Estas celebracións poderán ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

Reunións inicio de Curso

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenrolo do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións coas familias. Estas reunións están aínda por determinar, e se producirán preferentemente de xeito telemático. Se fose necesario realizar reunións presenciais, serían baixo as baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por familia alumnado.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Preferentemente no exterior.
- Máximo de 10 persoas, contando á titora/or.

Os horarios das reunións iniciais serán publicados na web do centro.

Primeiros Días do Inicio do Curso

- **Ed. Infantil:**

Con respecto ao alumnado da etapa de Educación Infantil, o **período de adaptación** será dende o xoves 10 de setembro ata o mércores 16 de setembro (ambos os dous incluídos) para os alumnos/as de 4º de Educación Infantil, en horario de 11:30 a 13:30 horas.

Ao longo das dúas primeiras semanas de clase faranse actividades para traballar o ámbito emocional e social dos cativos.

- **Ed. Primaria:**

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista que, de ser necesario, pasará polas aulas para dar a benvinda e informar das peculiaridades que afecten á súa área. Os horarios de recreo respectaranse, flexibilizando sobre todo o mesmo na educación infantil.

Neste día, cada GEC co seu titor fará un recoñecemento das novas normas de organización e funcionamento, ensaiando entradas e saídas, interiorizando as novas zonas de recreo e as normas

de hixiene e circulación polo centro. Reforzarase neste primeiro día o seguimento e cumprimento do protocolo ca fin de establecer posibles erros na planificación.

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha mochila, con axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis.

Todos os días, deberán traer un sobre de papel de papel ou plástico co nome, para deixar a máscara nos momentos que poden prescindir dela. **Será necesario que traian unha botella de auga para uso individual de casa, evitando así a manipulación e contacto coas billas.**

Actuacións de prevención, hixiene e protección

Prevención

- Evitar aglomeracións
 - Coordinar as circulacións no centro.
 - Establecer quendas de recreo/comedor e división do patio por zonas.
 - Regular o acceso aos aseos
 - Regular o acceso ao centro.

- Responsabilidade individual
 - Compromiso de realización de *auto enquisa clínica* diaria (*anexo*) tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).
 - Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Hixiene

É competencia do Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza xeral do centro. Ver o Plan de Adaptación á COVID19 para máis detalle sobre estas medidas.

Hixiene persoal:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

- Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias hixienizaranse as mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcolícas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou

levar obxectos á boca.

- Aprender a manipular correctamente as máscaras: como poñelas e quitelas, onde se gardan...
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.
- Potenciar o coñecemento das normas por medio de actividades co alumnado que desenvolvan a súa conciencia hixiénico-sanitaria de forma lúdica.
- Realizar actividades de atención emocional e social do alumnado para que se sintan apoiados nesta situación.

Protección

- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o persoal e para todo o alumnado en todo momento, agás o alumnado de Ed. Infantil.
- Mamparas:
 - Para realizar trámites coas familias na secretaría.
 - Nas aula de AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No curso pasado todos intentamos adaptarnos á nova situación da forma que mellor puidemos, tivo como gran problema a diversidade de accesos para o alumnado/familias segundo a metodoloxía de cada mestre/a. Este ano intentarase unificar unha posible nova docencia telemática e iniciárase un período de formación, onde o persoal do Centro poderá formarse no afondamento de dous aspectos básicos: Aulas Virtuais e Ferramentas de Traballo Dixital ofertadas polo CFR . A figura do coordinador/a TIC será clave para iniciar o proxecto da nova plataforma e dinamizar/instruír o seu uso entre os compañeiros e alumnado.

Alén disto, comezaráse a inscribir a todo o alumnado e os seus grupos nas aulas virtuais a partir de 1º de E. Primaria. Todos os cursos e alumnado terán ao longo do mes de setembro unha formación específica nese sentido. A mestra titora da Ed. Infantil poderá solicitar incorporarse á páxina web, se así o considera.

No Plan de Adaptación queda por determinar un TIC, o cal se lle facilitará –na medida do posible– a adaptación horaria para que poida realizar tarefas de apoio e dinamización. Será esta persoa a referencia dixital no centro, ao que corresponderá fortalecer e tomar decisión que neste sentido beneficien a comunidade educativa. Haberá unha xornada específica de explicación básica da Aula Virtual, unha vez se adquira un nivel de competencial mínimo. Publicaranse, na medida do posible, para o resto da comunidade educativa vídeo titoriais sobre a aula virtual. Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.

Para o alumando de NEE, será o departamento de Orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

- Dende a escola, debemos proporcionarlle ao alumnado estratexias eficaces para que poidan recuperar, manter e desenvolver as súas competencias socio emocionais nas súas contornas, coa finalidade de acadar o benestar emocional.
- Alén disto, debemos ter en conta que ademais dos resultados académicos tamén se fai imprescindible aprender, entender e canalizar as nosas emocións, especialmente ante situacións como as que nos tocou vivir por mor da Covid-19.
- Desde os centros debemos nutrir as relacións entre as persoas da comunidade educativa para unha convivencia positiva, así como atender e resolver tensións ou momentos de preocupación que poidan xurdir derivados desta nova realidade.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia encadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida

de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios. Desde a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro

Anexo Auto Enquisa Covid Diaria

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas...?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

Modelo Declaración Responsable Proxenitores

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI
número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo **CEIP de Bormoio-Agualada**.

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2020.

ASDO. _____

Actividades para traballar os aspectos emocionais e sociais

Actividades que se poden traballar nas dúas primeiras semanas de clase (trátase de propostas, cada titor/a decidirá as actividades que mellor se axusten ó seu grupo e nas que se poida obter o maior aproveitamento posible das actividades que se fagan).

Na etapa de Educación Infantil traballaránse as emocións e os aspectos sociais empregando como material para tal fin *Emocións de ida e volta, As sombras das miñas emocións e Antoloxía emocional*, manuais todos eles da editorial Anaya.

A mestra titora escollerá de cada manual as actividades que mellor se axusten para traballar cos nenos de infantil as emocións e aspectos sociais. Ademais non podemos esquecer que as asembleas son un momento oportuno para traballar o tema emocional e social.

Dentro da etapa de Educación Primaria:

Debemos axudar ao noso alumnado a xestionar as súas emocións mediante actividades de xestión socio emocional, fomentar o diálogo entre eles, facer un seguimento individualizado dos alumnos que o precisen, en especial do alumnado con NEAE, así como incorporar actividades relacionadas coas necesidades de acompañamento, apoio e relacionadas coas repercusións e efectos emocionais negativos derivados do confinamento.

Algunhas das emocións negativas coas que nos podemos atopar dentro das nosas aulas son o medo, a inseguridade e a incertidume ante a Covid-19, ansiedade, tristeza, ira, dó pola perda dun ser querido...

Por iso faise preciso traballar os aspectos emocionais e sociais co grupo-clase.

Algúns do temas que se poden tratar co alumnado de primaria dentro das aulas e onde participarán todos os alumnos/as poden ser:

1. Cómo me sentín durante o confinamento?
2. E agora, como me sinto?
3. Que é o que preciso? (para avanzar en positivo e sentirse mellor)
4. En que podo contribuir?


Estas preguntas podemos facelas a modo de introdución, para despois ir afondando máis polo miúdo nas preocupacións do noso alumnado e no seu sentir ante a situación que estamos a vivir.

Algunhas das preguntas para traballar cos nenos/as (son orientativas, cada titor deberá adaptalas segundo conveña) poden ser:

- Que sentimento foi o mais predominante durante o tempo que durou o confinamento?
- Podemos extraer algunha aprendizaxe do confinamento? Cal?
- Facedes algo para evitar ou deixar de lado os sentimentos desagradables? Podedes explicalo?
- Existe algo nesta situación que estamos a vivir que vos faga sentir ben?
- Cal foi o mellor momento do confinamento? E o peor?
- Cal foi o momento máis difícil? Como vos afectou?
- Cal é o voso maior medo?
- Que é o que vos fai rir incluso nos malos momentos?
- Como foi a comunicación cos vosos compañeiros/amigos?
- A nivel familiar, como vos sentistes?
- Que é o que máis botastes en falta durante o tempo de confinamento?
- Estadades contentos/as de voltar ás aulas?
- Preocúpavos algo en relación coa volta a clase?

Medidas xerais

PROTOCOLO COVID-19



Respectar a distancia de seguridade de 1,5 m entre persoas.




Obriga de usar máscara en todos os espazos do centro.



Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón, polo menos 5 veces.



Circular en sentido único nos corredores atendendo a sinalización.



Ventilar con frecuencia as instalacións e polo menos durante 15 minutos.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Mans seguras

PROTOCOLO COVID-19



Molla as mans con auga.



Pon na palma xabón suficiente para cubrir as mans.



Frega as palmas das mans entre sí entrelazando os dedos.



Aclara de novo as mans con auga.



Seca as mans e pecha a billa cun pano desbotable.

 XUNTA DE GALICIA

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Espazo de illamento

PROTOCOLO COVID-19



A persoa con síntomas e quen quede ao seu coidado deben poñer unha máscara cirúrxica.



Contactar coa familia, no caso de afectar ao alumnado.



Chamar ao centro de saúde de referencia. De haber síntomas de gravidade, ao 061.



Refugar en papeleiras ou contedores con tapa os panos desbotables utilizados.



Proceder á limpeza do espazo logo de que a persoa illada abandone o centro educativo.

 XUNTA
DE GALICIA


#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Á escola con sentidiño

PROTOCOLO COVID-19




Comprobar se teño algún sintoma da covid-19. De habelo, quedar na casa e chamar ao centro de saúde.



Revisar se vai na mochila todo o material necesario, xa que non se pode compartir.



Levar unha máscara posta e outra de reposto, así como un estoxo para gardala.



Ir no autobús coa máscara posta e sempre no mesmo asento.



Acceder pola entrada e na quenda que me correspondan, mantendo a distancia.

 XUNTA DE GALICIA

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Normas na aula

PROTOCOLO COVID-19



Usar a máscara é obrigatorio.



Hixienizar as mans cos dispensadores de xel hidro-alcohólico na entrada da aula.



Gardar o material de xeito persoal e diferenciado.



Non compartir material de uso propio.



Ventás, portas, interruptores e ferramentas pedagóxicas serán usadas só polo profesorado.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

 XUNTA
DE GALICIA

Uso da máscara

PROTOCOLO COVID-19



Lava ben as mans con auga e xabón ou hixienizaas con xel hidro-alcohólico antes de coller a máscara.



Colle a máscara polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.



Pon a máscara sobre a cara cubrindo boca e nariz, axusta as tiras detrás das orellas e a pinza nasal.



Non quites a máscara para falar, tusir ou estornudar. Tampouco a apartes da boca e nariz.



Para retirar a máscara, volve collela polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

 XUNTA
DE GALICIA